

DOCUMENTOS II REPÚBLICA E GUERRA CIVIL

Tema 25: ESTABLECEMENTO DA II REPÚBLICA

Doc. 1. Manifiesto de Alfonso XIII á nación, publicado no xornal monárquico ABC o 14 de abril de 1931:

“As eleccións celebradas o domingo revélanme claramente que non teño hoxe o amor do meu pobo. A miña conciencia dime que ese desvío non será definitivo, porque procurei sempre servir a España, posto o único afán no interese público ata nas máis críticas conxunturas. Un Rei pode equivocarse, e sen dúbida erreí eu algunha vez (...). Son o Rei de todos os españois, e tamén un español. Acharía medios sobrados para manter as miñas rexias prerrogativas, en eficaz loita con quen as combate. Pero, resoltamente, quero apartarme de canto sexa lanzar a un compatriota contra outro en fraticida guerra civil. Non renuncio a ningún dos meus dereitos, porque máis que meus son depósito acumulado pola Historia, de cuxa custodia ha de pedirme algún día conta rigorosa”.

Doc. 2. . O diario La Región de Ourense explica así a chegada da república. 15 de abril de 1931:

“Nas últimas vinte e catro horas precipitáronse os acontecementos dunha maneira que ten que sorprender aos republicanos tanto coma o resultado das eleccións do domingo. [...] No son momentos de analizar as causas. Son, si, de facer exame de conciencia, como dicíamos onte. A pasividade dos monárquicos, as súas divisións e o abuso que fixeron do Poder, en beneficio propio sen realizar obra verdadeiramente patriótica, creou un ambiente que non é totalmente republicano, pois os republicanos sós non darían o golpe definitivo á Monarquía, pero que aproveitaron todos os inimigos desta e os descontentos con ela, para cambiar de réxime”.

Doc. 3. Principais resultados das eleccións do 28 de xuño de 1931.

<i>Partidos</i>	<i>Líderes</i>	<i>Nº escanos</i>
Partido Socialista Obrero Español	Julián Besteiro	115
Partido Republicano Radical	Alejandro Lerroux	90
Partido Radical Socialista	Marcelino Domingo	61
Esquerra Republicana de Cataluña	Francesc Maciá	29
Acción Republicana	Manuel Azaña	26
Derecha Liberal Republicana	Niceto Alcalá-Zamora	25

Doc. 3. Artigos da Constitución española aprobada o 9 de decembro de 1931.

“Artigo 1º. España é unha República democrática de traballadores de toda clase, que se organiza en réxime de Liberdade e de Xustiza. Os poderes de todos os seus órganos emanan do pobo. A República constitúe un Estado integral, compatible coa autonomía dos Municipios e as Rexións.

Art. 2º. Todos os españois son iguais ante a lei.

Art. 3º. O Estado español non ten relixión oficial.

Art. 39. Os españois poderán asociarse ou sindicarse libremente.

Art. 44. Toda riqueza do país, sexa quen fora o seu dono, está subordinada aos intereses da economía nacional (...). Cos mesmos requisitos a propiedade poderá ser socializada. (...)

Art. 48. A ensinanza primaria será gratuíta e obrigatoria. A ensinanza será laica.(...)”

Tema 26: AS GRANDES REFORMAS DA II REPÚBLICA

Doc. 1. Lei de Retiro da Oficialidade, 25 de abril de 1931:

“A proposta do Ministro da Guerra, o Gobierno provisional da República decreta:

Artigo 1º. Concédese o pase á situación de segunda reserva, co mesmo soldo que gocen no seu emprego da escala activa, a todos os Oficiais xerais do Estado Maior xeneral, aos da Garda civil e Carabineiros, e aos dos Corpos de Alabarderos, xurídico militar, Intendencia, Intervención e Sanidade [...] que o soliciten do Ministerio da Guerra dentro dos trinta días seguintes ao da publicación deste Decreto.

Doc. 2. Beneficios da reforma agraria, segundo o enxeñeiro agrario Pascual Carrión, integrante da Comisión Técnica encargada de elaborar o anteproxecto de Lei de Reforma Agraria:

“[...] O custo da reforma, xa o apreciamos, é duns 500 millóns de pesetas anuais durante un decenio, pero estas cantidades seranlle devoltas ao Estado polos mesmos cultivadores, e, canto ás melloras sociais, camiños, poboados, obras de rega, etc., tamén serán amortizadas co aumento de contribucións e impostos. [...] A respecto dos beneficios sociais, non hai que ponderar o que supón que teñan ocupación todos os obreiros agrícolas desas provincias e que poidan levar unha vida modesta, pero que cubra as súas necesidades e lles permita ser verdadeiramente libres [...]”

Doc. 3. A reforma educativa. Decreto de 24 de xuño de 1931:

“O Gobierno provisional da República sitúa no primeiro plano das súas preocupacións os problemas que fan referencia á educación do pobo. A República aspira a transformar fundamentalmente a realidade española ata lograr que España sexa unha auténtica democracia. E España non será unha auténtica democracia mentres a inmensa maioría dos seus fillos, por falta de escolas, se vexan condenados a perpetua ignorancia. [...] Fundado nestas razóns, e a proposta do Ministro de Instrución Pública e Belas Artes, o Gobierno provisional da República decreta: Artigo 1.º Autorízase o Ministerio de Instrución pública para crear, a partir do 1º de Xullo, 7.000 prazas de Mestres e Mestras con destino ás Escolas nacionais [...]”

Doc. 4. O Estatuto de Autonomía de Cataluña (1932):

“ Art.1º. Cataluña constitúese en rexión autónoma dentro do Estado español de acordo coa Constitución e o presente Estatuto. O seu organismo representativo é a Generalitat (...).

Art. 2º. O idioma catalán é, como o castelán, lingua oficial en Cataluña (...).

Doc. 5. Lei de Confesións e Congregacións relixiosas. 1933

Artigo 1. A presente lei de Confesións e Congregacións Relixiosas, dictada en execución dos artigos 26 e 27 da Constitución da República Española, será de réxime desta materia en todo o territorio español, e a seguirán estritamente todas as normas posteriores. da mesma mediante decreto ou regulamento.

Art 3. O Estado non ten relixión oficial. Todas as Confesións poderán adorar libremente dentro dos seus templos. Para exercelo fóra delas será necesaria en cada caso autorización especial do goberno.

As reunións e manifestacións relixiosas non poderán ter carácter político, independentemente do lugar onde se celebren.

Os rótulos, sinais, anuncios ou emblemas dos edificios destinados ao culto estarán sometidos á normativa xeral de policía.

Art 20. As igrexas poderán fundar e dirixir establecementos destinados ao ensino das súas respectivas doutrinas e á formación dos seus ministros.

Tema 27: A GUERRA CIVIL

Doc. 1.-Alocución radiada do xeneral Franco (18 de xullo de 1936), na que xustifica a rebelión contra e República:

“A situación de España é cada día máis crítica; a anarquía reina na maioría dos seus campos e vilas; autoridades de sona gubernativa presiden, cando non fomentan, as revoltas; a tiro de pistola e ametralladoras dirímense as diferenzas entre os cidadáns (...), sen que os poderes públicos impoñan a paz e a xustiza. Folgas revolucionarias de toda clase paralizan a vida da Nación (...). Ao espírito revolucionario e inconsciente das masas, enganadas e explotadas polos axentes soviéticos (...), únese a neglixencia de autoridades de todas clases (...). A Constitución, por todos suspendida e vulnerada, sofre unha eclipse total: nin igualdade ante a lei, nin liberdade (...), nin unidade da patria, ameazada polo desgarramento territorial (...).”

Doc. 2.- Dolores Ibarruri, Pasionaria, chama á resistencia no seu discurso do 19 de xullo de 1936:

“Traballadores, antifascistas, pobo laborioso: todos en pé para defender a República, as liberdades populares e as conquistas democráticas do pobo (...). Todo o país vibra de emoción ante eses desalmados que queren polo lume e o terror sumir á España democrática e popular nun inferno (...). Pero non pasarán; España enteira está en pé de loita (...). ¡Viva a Fronte Popular! ¡Viva a unión de todos os antifascistas! ¡Viva a República do pobo!”

Doc. 3.-A finais de xullo de 1936, Galeazzo Ciano que era o ministro italiano de Asuntos Exteriores, informaba da situación en España:

“En España xa se formaron dúas fronteas. Cunha están alemáns e italianos; con outra franceses, belgas e rusos. O Duce está de acordo con Hitler en opinar que a determinación das dúas fronteas é xa un feito consumado. Italia apoiou e segue a apoiar aos españois sen condicións (...). A nosa acción en España é unha proba efectiva da nosa participación na loita antibolxevique”.

Doc. 4. Postura do PCE ante a guerra, defendida no *Mundo Obreiro* (marzo 1937)

“De que nos acusan os camaradas da CNT? Segundo eles, afastámonos do camiño do marxismo revolucionario. Por que? Porque defendemos a República democrática (...). Unha República democrática e parlamentaria dun contido social como non existiu endexamais (...)”

Doc. 5. Decreto de Unificación das forzas nacionais, asinado polo Xefe do Estado e Xeneralísimo, Francisco Franco (20 abril 1937)

“ Art. 1. Falaxe Española e Requetés, cos seus actuais servizos e elementos, intégranse, baixo a Miña Xefatura, nunha soa entidade política de carácter nacional que, de momento, se denominará

Falanxe Española Tradicionalista e das XONS. (...)

Quedan disoltas as demais organizacións e partidos políticos. (...)"

Doc. 6. O deputado republicano Emilio González López narra nas súas Memorias as vivencias do golpe:

"Nese trágico 18 de xullo, acudín ao Congreso dos Deputados, que era un fervedoiro de xentes [...]. As noticias que se ían recibindo, de todas partes da península, mostraban que non se trataba dunha nova sanjurjada, senón dun extenso movemento militar, no que tomaban parte a maior parte das gornicións de España e con elas os elementos de dereitas, sobre todo monárquicos e falanxistas. Casares Quiroga non sabía como facer fronte a este alzamento, que se propagaba coa rapidez do lume por toda a península. Non soubera tomar [...] ningunha medida eficaz para previlo ou desarticulalo, a pesar de que fora advertido multitude de veces de que se estaba preparando; nin tampouco agora, que xa estalara".

Doc. 7. O xeneral republicano Vicente Rojo lembra a guerra desde o seu exilio:

"A non intervención pesaba como unha laxa sobre a República; e en tanto se creaba ao redor desta unha atmosfera de illamento, nós podíamos recibir informes fidedignos relativos ás armas e equipamento de guerra de todas clases que desembarcaban nos portos do Cantábrico e do Sur [...]. Que terrible delito cometera unha República que defendía a súa Constitución e as súas leis para que fose sometida internacionalmente a unha asfixia material e moral, condenándoa a ver esterilizados os seus esforzos?"